

## **DESCOR, S.COOP.\***

Ánxeles ESTÉVEZ COSTAS  
Descor, s.coop.ltda.

**Fanse unhas reflexións, observacións e recomendacións sobre a misión da xefa de taller.**

Comecemos por dicir que os mandos intermedios enfrontámonos coa tarefa de coordinar e distribuí-lo traballo de aquelas persoas que temos baixo o noso mando, e conseguir unha verdadeira cooperación entre os traballadores.

Polo tanto temos que chegar a ser uns bos “conductores” de traballadores nos talleres que temos ó noso cargo e debemos ter confianza en nós mesmos para poder transmitir esa confianza ós demais.

Nunha cooperativa debemos senti-la satisfacción de facer un traballo en beneficio tanto dos demais coma de nós mesmos debido a que se dá a coincidencia de seren á vez traballadores e empresarios, e esta satisfacción debe contribuir por sí mesma á nosa confianza facendo polo tanto as nosas accións firmes e seguras.

Outro dos factores que inflúe á hora da produción é o noso coñecemento sobre o traballo que realizamos con respecto ó grupo de traballadores que temos baixo a nosa dirección. Teñamos en conta que un xefe de taller ademais de distribuí-lo traballo entre os seus operarios, ten que facer un seguimento deste traballo a través de todo o proceso productivo, é dicir, ten que controla-lo produto dende que entra na cadea de produción ata que sae terminado e comprobar se cumpre o nivel de calidade esixido.

A calidade é moi importante en calquera empresa, pero nunha cooperativa é fundamental, teñamos en conta que a maioría das cooperativas do sector textil traballan para outras empresas que son as que comercializan o produto, é dicir, a cooperativa realiza un traballo de confección onde o único que vende é a súa man de obra, normalmente o produto pertence a outra empresa.

Isto supón que a cooperativa ten que coidar moito a calidade, para que os seus clientes estean satisfeitos e lle sigan a ofrecer traballo; de ahí que os xefes de taller teñan que realizar un esforzo constante neste senso.

---

\* Presentado ás Xornadas de Cooperativismo na Confección, Vigo, 13 e 14 de Decembro de 1991.

Outro aspecto importante que hai que coidar é o cumprimento dos prazos de entrega, se o xefe de taller se compromete a entrega-la mercancía nunha determinada data, isto hai que cumprilo anque para elo se teña que traballar máis horas das normais.

Por todo isto o xefe de taller é unha persoa clave en calquera empresa e en concreto nas cooperativas e debe coñecer tódalas funcións a realizar no proceso productivo do seu taller, para así inda ben non apareza un problema que xa o poida solucionar no menor tempo posible.

Todo isto resolverase por sí só no momento no que atopemos resposta a unha serie de preguntas como:

¿Sabemos máis que os que tentamos ensinar?

¿Podemos facer algo máis cos demais?

¿Somos capaces de demostrar que se pode producir máis en menos tempo e con menos esforzo?

¿Podemos establece-lo orde donde reina a confusión?

¿Podémonos manter sereos mentras os demais disputan ó redor nosa?

Se podemos facer todo isto estamos en poder de dirixir ós nosos compañeiros de cooperativa cara ó fin que nos propoñemos: o da produción.

Non olvidemos que a produción componse de tres factores: terreo, man de obra e capital.

A nós interésanos neste intre o factor man de obra, é dicir, traballo.

O traballo é (como factor de produción) o conxunto de enerxías humanas xa sexan físicas ou mentais que contribúen á creación de utilidades e servizos.

Por todo o exposto creo que queda claro como podemos contribuí-los encargados a mellora-la produción, non obstante podemos resumir dicindo que unha boa cooperativa é aquela que non descoida a súa:

*Calidade.*- Atención ó negocio, coidado, exactitude, aseo e limpeza e ilusións para novos produtos.

*Cantidade.*- Traballar coa menor perda de tempo, consecución dunha marcha constante, persistencia no traballo, boa planificación...

*Custes.*- O máis axustados posible.

*Cooperación.*- Intercambio de información con outras cooperativas.

*Cumplimento das normas.*- Puntualidade, comportamento, disciplina...

*Seguridade.*- Coidado, precaución e método.

Do que deducimos que a nosa cooperación é importante no incremento da produción.